

Máis vale previr que lamentar

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

España: 200.000 Ciber-ataques ao día ás empresas



Perigos “habelos hainos” e con Internet máis. Probablemente, o “inimigo número 1” das pemes do noso país son os “hackers” de calquera tipo, clase e condición. As cifras son arrepiantes: máis de 200.000 ataques diarios a pemes moi preocupadas polos seus datos; **de feito, España é o terceiro país en ciberataques.**

Ciber-risco é a posibilidade de que o teu negocio sufra un ataque informático.

Ciber-ataque é o intento de vulneración dos teus datos informáticos, ben con correos “daniños”, ben con roubo de datos “sensibles” persoais, financeiros..., ou cunha campaña de desprestixio cara á túa marca e reputación.

O inimigo está dentro de casa

O 70% dos ciber-ataques prodúcense dentro da propia empresa e son froito da actuación de persoas que traballan dentro. Provocan danos directos e danos colaterais e poden lesionar a liña de flotación da empresa afectando as vendas. Esta é unha práctica moi común que descoñecen as propias PEME, por iso as atacan.

E pásalle a calquera... Un empregado descontento dun pequeno comercio... Un contable agraviado coa súa nómina... Un socio rancoroso...

Os hackers utilizan as pemes como porta falsa dos grandes

Acontece, a miúdo, que as pequenas empresas son a porta falsa de acceso ás grandes corporacións ou institucións e os hackers sábeno. España está composta de peixes pequenos, que son provedores de peixes máis grandes. Se un provedor, por moi pequeno que sexa, é atacado pode intoxicar toda a manda e é responsable diso.

O mellor é que hai solución. En España estímase que un 35% das empresas de todos os tamaños invisten en ciberseguros. Estes seguros son cada vez máis demandados, protexen o teu modus vivendi, e o dos teus traballadores, de danos maiores e poden **cubrir a responsabilidade multimedia, seguridade e privacidade, restablecemento de datos, perdas de ingresos comerciais, gastos de xestión e extorsión por datos.** Grazas a eles entras no mundo da seguridade, cunha protección para que non aconteza un mal maior. Estas pólizas son un remedio que alivia os prexuízos que causa o sinistro. Ademais, as empresas conciéncianse e adoptan novas medidas de seguridade que lles axudan a blindarse mellor.

7 de cada 10 empresas desaparecen tras un sinistro, non xogues con iso e deixa que analicemos o teu risco. Sabemos como facelo e como protexer o teu negocio.

#E2K
BROKERNET

Rede Nacional de
Corredores de Seguros

Boletín Mensual
Nº 36 / Febreiro 2016

Que travesuras dos teus fillos entran no seguro do Fogar?

Acaso non o sabías? O seguro do Fogar protéxete de moitas traxedias dos máis pequenos, aínda que acontezan fóra de casa. Por exemplo...

Un neno pasea un can e neno e can chocan cun transeúnte que cae e se fere.

Un neno discute coa súa amiguiña lou-ra e rómpelle as lentes.

Un neno atropela unha señora coa súa bicicleta nova con “rodiñas” de apoio.

Un neno xoga a ser papá e enche o lavabo de auga ata que reborda e inunda o baño porque quere afeitarse.

Un neno bota pola ventá a súa “espada láser”, modelo Guerra Galaxias 2015, e traspasa o lado escuro da forza.

Non podemos facer nada respecto ás travesuras, pero si nos podemos encargar de que estean cubertas.



Máis vale previr que lamentar

“A miña parella e o noso testamento”. Ata que a morte nos separe



Non é o mesmo fora do verbo ser que fora de ir. E non é o mesmo un matrimonio que unha parella de feito. O Tribunal Constitucional di que a **unión de feito** (inscrita no correspondente Rexistro de Parellas de feito) **non ten nada que ver co matrimonio**, porque as persoas que a forman **non queren contraelo** e asumir as consecuencias que isto supón.

E se falece un dos membros? E se, enriba, a parella non está inscrita?

Os viúvos teñen dereito ao usufruto na herdanza do seu cónxuxe, pero nas parellas non. Ademais, a lexislación varía dunha comunidade a outra. Por exemplo, en Aragón, Cataluña ou Madrid os dereitos sucesorios varían.

Segundo o INE (Instituto Nacional de Estadística), en 2014 había 1,6 millóns de parellas de feito (un 14% do total). A tendencia indica que os matrimonios “á antiga usanza” decrecen e ceden o seu posto ás parellas de feito.

“A grandes males grandes remedios”

“Somos unha parella de feito sen fillos en común, pero eu teño dous nenos doutro matrimonio. Contratei un seguro de vida. Quen o cobra se falezo?”

Se non fixeche testamento, cobrarano os teus fillos e, se non os tiveses, os teus pais e, se non viven, os teus irmáns e sobriños. A túa parella quedaría sen cobrar o seguro, salvo que apareza como beneficiaria.

Propóñoche dedicar esta fin de semana a reflexionar sobre todo isto e se o necesitas revisamos os teus seguros de vida para ver que todo está axustado á túa situación persoal.

Tamén pola nosa experiencia, a mellor solución é **facer testamento**: un documento moi sinxelo que custa pouco diñeiro. A mesma notaría asesorarache. Cando cambien as túas circunstancias ou faleza un dos herdeiros, modifícao. E, sobre todo, se queres **protexer correctamente a túa parella cun seguro de vida, indica claramente o nome do beneficiari@**.

Dende febreiro: A DXT advirteltes aos propietarios de vehículos sen seguro que poden ser sancionados

A Dirección Xeral de Tráfico (DXT) iniciou unha campaña de comunicación aos propietarios de vehículos sen seguro. Advirteltes que deben contratar unha póliza, pois a partir do 1 de abril poderanse sancionar aqueles propietarios de vehículos non asegurados, que poderán afrontar multas de 600 a 3.000 €.

A campaña informativa comeza este mes de febreiro e prolongarase ata marzo. En abril, o Consorcio de Compensación de Seguros volverá cruzar os datos do FIVA (Ficheiro Informatizado de Vehículos Asegurados) e a DXT para corrixir posibles discrepancias.



10 embarazadas intentan estafar o seguro

A Garda Civil desarticulou unha trama que pretendía estafar compañías aseguradoras, mediante a utilización de mulleres embarazadas, que abortaban. Na operación foron detidas 19 persoas.

Na suposta fraude, na que poderían participar ata 10 mulleres embarazadas, simulaban un accidente de tráfico no que perdían o seu bebé, cando, en realidade, o aborto se producía por inxestión de fármacos. Posteriormente, solicitaban unha indemnización do seguro. Na trama non está involucrado o persoal sanitario, quen colabora activamente no esclarecemento da investigación.

Recomendacións

Anécdota